

Normas de Convivencia

Ceip plurilingüe Condesa de Fenosa

O Barco de Valdeorras

Ano 2016



SOBRE A EMPATÍA:

ANTES DE XULGAR E CRITICAR A UNHA PERSOÁ, CAMIÑA COS SEUS ZAPATOS.



Empatía



Temos dereito a:

1. que comprendan a nosa situación, a que entendan o que nos pasa
2. que non se burlen de nós.
3. ser axudados e apoiados cando o necesitemos.

Temos o deber de:

1. procurar non facerlle aos demais o que non nos gusta que nos fagan a nós.
2. animar e axudar aos demais cando o necesitan.
3. evitar burlarnos das cousas que lle pasan aos nosos compañeiros/as.

SOBRE O RESPECTO ÁS DIFERENZAS

O RESPECTO ÁS DIFERENZAS É A BASE PARA UN MUNDO EN PAZ



Temos dereito a:


1. que nos vexan, acepten e respecten tal e como somos.
2. que nos chamen polo noso nome.
3. que respecten os nosos gustos, costumes, vestimenta, opinións, crenzas, identidade etc

Temos o deber de:

1. aceptar e respectar aos demais como son.
2. chamar aos demais polo seu nome, evitando alcumes.
3. aceptar e respectar as distintas culturas, crenzas e identidades, evitando insultos ou agresións.

SOBRE A IGUALDADE – EQUIDADE

A PRIMEIRA OBRIGA DA IGUALDADE É A EQUIDADE

**Temos dereito a:**


1. recibir o mesmo trato que os demais compañeiros/as, sen discriminacións de ningún tipo.
2. gozar das mesmas oportunidades que os demais.
3. obter os recursos e recibir as axudas necesarias, adaptadas ás nosas necesidades e diferenzas, para ser iguais.

Temos o deber de:

1. tratar con igualdade e respecto aos noso compañeiros/as, sen burlarnos deles por ser diferentes.
2. axudar a compensar as desigualdades, de axudar ao que máis o necesiten.
3. dar aos demais o trato que temos nós.
4. aceptar as necesidades de cada un, sen xulgar nin rimos dos outros/as.

SOBRE O PERDÓN

ENSINEMOS A PERDOAR, PERO ENSINEMOS TAMÉN A NON OFENDER.SERÍA MÁIS EFICIENTE



Temos dereito a:

1. que nos ensinen a perdoar.
2. que nos pidan perdón ou desculpas.
3. ser perdoados, a que acepten as nosas desculpas.

Temos o deber de:

1. non ofender nin magoar aos demais.
2. pedir perdón cando ofendemos a alguén.
3. perdoar aos outros cando se se desculpan de corazón.

SOBRE A FELICIDADE/ALEGRÍA

A FELICIDADE É O SENTIDO E A FINALIDADE DA VIDA



Temos dereito a:

1. estar alegres e contentos, a xogar e divertimos.
2. acadar a nosa felicidade.
3. ser queridos/as.
4. ter amigos, familia e crear bos recordos.

Temos o deber de:

1. procurar a propia felicidade e a dos que nos rodean, sen poñer trabas nin obstáculos.
2. aceptar aos demais, querelos e tratalos ben.

SOBRE A RESPONSABILIDADE

PARA SER LIBRES, PRECISAMOS SER RESPONSABLES



Temos dereito a:

1. que nos confiran responsabilidades adecuadas á nosa idade.
2. asumir responsabilidades acordes á nosa idade.
3. coidar e respectar o noso entorno.

Temos o deber de:

1. cumprir coas tarefas que nos encomendan apropiadas á nosa idade.
2. coidar o material propio e común.
3. coidar o noso entorno.
4. asistir á escola e realizar as nosas tarefas.
5. respectar as normas do colexio.
6. responsabilizarnos das nosas cousas e dos nosos actos.
7. pensar antes de actuar.